

E.T. O EXTRATERRESTRE

1807

Steven Spielberg, 1982

ESTREA EN NUMAX: 07.08.2026 | V.O.S.E. | 115 min

Un pequeno ser doutro planeta fica abandonado na Terra cando a súa nave, ao emprender o regreso, se esquece del. Está completamente só e ten medo, pero hase facer amigo dun neno que o agocha na súa casa. O pequeno e os seus irmáns tentan encontrar o xeito de que o pequeno extraterrestre regrese ao seu planeta antes de que o encontren os científicos e a policía.

“E.T. o extraterrestre” terá pase pases en versión dobrada (VE) e en versión orixinal subtitulada ao español (VOSE). A versión aparecerá indicada en cada pase na nosa web.

«Título mítico da sétima arte. Non é o un conto é, literalmente, un sonho. Obra mestra»
Jordi Batlle, EL PAÍS



Os únicos privilexiados son os nenos

Por Flavia de la Fuente

"ET fainos tantas demostracións de tenrura que teríamos que ser monstros, nós tamén, para non amalo... Pódese tratar de esquecer os grandes ollos de ET. Pódese, pero é duro" (Serge Daney)

Sempre me considerei unha fanática do cinema de Spielberg, a tal punto o situaba entre os dez mellores de todos os tempos. Moralexa: desconfiar das listaxes. Ao cabo dunha hora adoitan perder vixencia. Ademais, están destinadas a demostrar a inconsistencia das persoas. Aínda así, vivan as listaxes! Aínda que a súa verdade sexa case efémera por un intre condensan toda a nosa verdade. Todos mudamos sen cesar o que non implica inconsistencia senón evolución ou involución (segundo o caso). Pregúntenlle a Truffaut que opinaba de John Ford nos 50 e comparéno coas súas últimas opinións. Todo muda, por sorte.

Pero toda esta parrafada non é para anunciar que debo borrar a Spielberg da miña listaxe. Non é que non me guste, encántame, pero incomódame que ningunha das súas películas sexa verdadeiramente adulta, é dicir, que sendo para adultos e nenos debamos miralas desde o neno que levamos dentro. Cada un dos seus filmes esixe sempre algún tipo de compracencia por parte do espectador adulto que sorrí ou se emociona de maneira case avergoñada. O estraño é que os temas e as emocións que toca Spielberg non son patrimonio dos nenos, pertécennos a todos e os seus filmes, polo ton e a estética excesivamente estilizada e calculada, tratan de afastarnos, de deixarnos fóra. É como se un percibise os trucos constantes cos que Spielberg logra que non nos aburramos nin sequera un intre. Aburre, a certeza de que non nos aburramos nin un intre, iso aburre. Aburre que sexa unha maquinaria de facer películas divertidas.

Un bo exemplo é *E.T. O extraterrestre*. Seguindo a Daney e a todos os adultos que coñezo, diría que ningún humano decente deixou de chorar, sentir tenrura e rir con E.T. É un filme coma poucos. Porén, un sempre fica coa sensación de ter visto un gran filme para crianzas cando debería ser recibida como unha grande alfaia do cinema de ciencia ficción de todos os tempos.

Cando vin o filme na súa estrea, hai dez anos, chorei, sufrín e divertínme a partes iguais. Hoxe, en versión dobrada, encontreime de novo co monSTRUÍÑO, mestura de tartaruga, lagarto e can, dun xeito diferente: non saltou bágoa algunha pero si que rin a esgalla en escenas como cando fai de boneco ou cando se disfraza de señora. Enfín, gocei moito. Descubrín tamén a cinefilia do filme. Unha escena moi cinéfila que non comprendín hai dez anos é a montaxe paralela con ET na casa mirando *O home tranquilo* de John Ford mentres Elliott está na escola: John Wayne ve a Maureen O'Hara e bícaa e logo Elliott sobe ás costas doutro neno e bícao na caluga dos seus soños. A cinefilia, un pracer máis.

Para rematar, debo confesar que ET me parece un dos seres máis encantadores que coñecín (o único comparable a Eduardo Mans Tesoiras) e que, como intuía Daney, é imposible esquecerse dos seus enormes ollos celestes.